

### Fundición

Talvez, pensou, ela era un molde perfecto  
para disipar a soidade,  
prototipo ideal para un experimento,  
a unión feliz que perseguen os cánones,  
porque o corpo precisa, tal marcado destino,  
esa extrema alianza.  
É condición da especie domesticar as formas  
do desexo,  
estreitar os sentidos até unha indiferencia  
ou limitar o brillo que está escrito na carne.  
A dimensión do acto é común, un costume  
que xa vén avalado polo remoto eco  
do animal,  
xeometría interior dunha tensión  
e un pálpito mecánico golpeando no ser.  
A fundición dispón das súas regras tenaces,  
baleiro e simulacro, fabricación de espasmo,  
asombro nodular, enfriamento lento.  
E todo se substancia nese empeño,  
na condición do ardor, porque a soidade clama  
por posuír o astro, a cámara, o crisol,  
a bóveda inflamada, a espuma que despunta  
na súa desolación.

Talvez, pensou, ela era un molde perfecto,  
soleira para afinar a chama e respirar no fondo  
contra a dor.  
Nada sabía do sopro da cinza  
e da devoración profunda dos ácidos  
que morden a sede,  
as hélices queimadas do tempo,  
a zona de fusión que de repente é fenda  
pola que foxe a vida e o pracer,  
antes de que o metal deseñe definitivamente  
o silencio.